

## ACTA N° 12/2005 DA COMISIÓN DE PERSOAL

### ASISTENTES:

Vicepresidente en funcións de Presidente: José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

### Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Ramón del Valle López

C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Beatriz Rodríguez Fraga, Juan José Gómez Romero e Enriqueta Vía Leira.

C. de Economía e Facenda: Pedro Antonio Fernández Fernández e María Blanco Aller

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: Luis Vázquez Rodríguez

C. de Innovación e Industria: Lourdes Courtier Ramos

C. de Sanidade: José M<sup>a</sup> Ferreiro Fernández

C. de Educación e Ordenación Universitaria: Benito Fernández Rodríguez

C. de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: Jaime Baltar Tojo

C. de Traballo: José Vázquez Portomeñe

### Polas organizacións sindicais:

CIG: M<sup>a</sup> Mar Peteira Cabana

CCOO: José Emilio Doforno Guzmán

UGT: Mar Paz Paz, Rosa M<sup>a</sup> Iglesias Barandela

CSI-CSIF: Alvaro Fernández Baamonde e Carmen Noya Castro

Secretario: Andrés Castro Bande

En Santiago de Compostela, sendo as 12:30 horas do día 30 de decembro de 2005, reúnese, en sesión ordinaria, no Salón de Actos n° 2 (pequeno) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo a seguinte orde do día:

**Punto primeiro- Lectura e aprobación, se procede, da acta n° 11/2005.**

**Punto segundo- Proposta de modificación da RPT do Consello Consultivo de Galicia.**

**Punto primeiro.- Lectura e aprobación, se procede, da acta n° 11/2005.**

Dáse conta da acta n° 11/2005 do 23 de decembro de 2005 e apróbase polos representantes da Administración e das Organizacións Sindicais.

**Punto segundo.- Proposta da modificación da RPT do Consello Consultivo de Galicia.**

\* O representante da organización sindical CIG amósase a favor de a creación de novos postos de traballo, pero en contra a que se provean polo sistema de libre designación. Abstense.

\* O representante da organización sindical CCOO manifesta o seu voto favorable:

\* A representante da organización sindical UGT vota a favor, pero manifesta que se debeu celebrar unha xuntanza previa á Mesa Xeral.

\* O representante da organización sindical CSI-CSIF vota a favor:

Finalmente infórmase favorablemente a proposta de modificación, co voto favorable dos representantes da Administración e das organizacións sindicais CCOO, UGT e CSI-CSIF e ca abstención da CIG.

**Punto terceiro.-** Pese a non figurar na Orde do día, admítese rogo e preguntas.

\* O representante da organización sindical da CIG pregunta polo problema que se orixinará o 1 de xaneiro ao non estar publicado o novo Decreto de listas e abrirse o prazo de actualización conforme ao Decreto en vigor.

\* O Subdirector Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais contesta que se publicará unha nota informativa na páxina web da Xunta de Galicia do seguinte tenor:

“Ante a inminente publicación dun novo decreto que substitúa ó 217/2003 as actualizacións de méritos recoñecidos dende o 31 de decembro de 2004 faranse de oficio pola Administración, polo que se informa, para xeral coñecemento dos interesados inscritos nas listas de contratación, que non é necesaria a presentación da solicitude de actualización de méritos polos particulares”.

\*O representante da organización sindical CIG solicita:

- Que se publique na páxina web da Xunta a última versión do novo Decreto de listas.
- Solicita que se negocien a regulación das comisións servizo (tal e como estaba previsto) e que mentres tanto se paralicen as que se están autorizando.
- Solicita contestación ao seu escrito de 7 de decembro sobre unha comisión de servizos autorizada á Consellería de Cultura e Deporte.

\*\* O Presidente da Comisión contesta que se deu traslado do escrito á Consellería de Cultura e Deporte para que informen sobre o mesmo.

O representante da organización sindical CCOO prega:

- Que se axilicen os procesos selectivos de persoal laboral que se están executando e o concurso de traslados de persoal laboral.
- Pregunta polo concurso de traslados de veterinarios.

\*\* O Presidente da Comisión contesta que está pendente de que se modifique a RPT da Consellería de Sanidade.

\* O representante da organización sindical CSI-CSIF interésase polas xefaturas de área da Consellería de Medio Rural.

- Manifesta que hai un recurso sobre as mesmas presentado por unha organización sindical e que no DOG do 30 de decembro de 2005 sae publicada a adxudicación dunha Xefatura de Area por libre designación.

\*\* O presidente da Comisión manifesta que o representante da Consellería de Medio Rural non está presente para informar, pero que na Mesa Xeral celebrada con anterioridade o representante da Consellería de Medio Rural deu explicacións sobre o particular.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 13:00 horas do día anteriormente sinalado.

Vº e praxe,

Dou fe

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIONS  
DE PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**

José Rodríguez González

Andrés Castro Bande